

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES ENTROIDO 2021

CATEGORÍAS

O Concello de Rábade convoca o tradicional concurso de disfraces cun formato diferente por mor da pandemia do COVID19 e para garantir as debidas medidas sanitarias e de seguridade coas seguintes categorías e unicamente podendo participar persoas dentro dun só núcleo familiar:

- Comparsa Familiar.
- Parellas
- Individuais.

MODALIDADES:

-FOTOGRAFÍA. Só válidas en formato JPG ou PNG.

-VÍDEO. Cun máximo de 20 segundos.

A temática nas dúas modalidades estará relacionada co Entroido.

PARTICIPACIÓN

A participación queda aberta a tódalas persoas que o desexen, sempre dentro do mesmo núcleo familiar (persoas conviventes) e a máscara é obrigatoria, aínda que o disfrace cubra o rostro. Cada familia ou membro dunha familia só poderá participar nunha modalidade e categoría.

A inscrición dos participantes farase do 1 ao 12 de febreiro, enviando unha **foto a asociocultural@rabade.org** (só formato JPG ou PNG) ou un **vídeo por whatsapp** (máximo 20 segundos) ao nº de teléfono **682 741 000** aportando os seguintes datos: nome do disfrace ou do vídeo, teléfono e folia de inscrición debidamente cuberta.

Tódolos participantes deberán asinar unha solicitude de incrición, de protección de datos e unha autorización para dar o consentimento de cesión dos dereitos das fotos para publicar as mesmas nos distintos programas organizados polo Concello (Anexo I).

Os menores de idade aportarán os datos da persoa que os representa.

DISTRIBUCIÓN DAS CATEGORÍAS

As categorías nas que poderán participar son:

-COMPARSA FAMILIAR:

Adultos, Infantís ou mixta: Considérase comparsa aquela na que participe un mínimo de tres persoas e teña a temática do seu disfrace relacionada.

-PARELLAS :



Participantes tanto adultos, infantís ou mixtos, que pola súa condición requiran presentarse xuntos (persoas conviventes) e teñan a temática do seu disfrace relacionada.

-INDIVIDUAIS:

Tanto adultos como infantís

XURADO

A cualificación dos participantes será determinada polo xurado do concurso que estará formado por un representante do Concello, un representante da Asociación de Comerciantes de Rábade e un representante da Asociación de Hostalería de Rábade.

CALIFICACIÓN

Cada membro do xurado cualificará de 1 a 5 puntos cada comparsa familiar, parella e individual, tendo en conta o deseño dos traxes, a imaxinación, e a orixinalidade.

PREMIOS

Os premiad@s daranse a coñecer o martes 16 de febreiro nas redes sociais e web do concello.

Concederáanse os seguintes premios:

COMPARSA FAMILIAR

Primeiro premio: 200 €

Segundo premio: 150 €

Terceiro premio: 100 €

PARELLAS

Primeiro premio: 100 €

Segundo premio: 80 €

Terceiro premio: 60€

INDIVIDUAIS

Primeiro premio: 100 €

Segundo premio: 80 €

Terceiro premio: 60€

Os premios poderán ser considerados desertos polo xurado do concurso.

ENTREGA DE PREMIOS

Os premiad@s recibirán un diploma por correo e a entrega dos premios farase mediante transferencia bancaria.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso supón a aceptación de todas e cada unha das presentes bases, sendo as decisións do xurado inapelables.



ANEXO I

INSCRICIÓN CONCURSO ENTROIDO 2021

COMPARSA FAMILIAR: PARELLAS: INDIVIDUAL:

NOME DO DISFRACE _____

NOME DO VÍDEO _____

DATOS DO PARTICIPANTE:

NOME E APELIDOS:
DNI:
TELFNO:
EMAIL:

DATOS DO REPRESENTANTE (MENORES DE IDADE OU COMPARSA FAMILIAR):

NOME E APELIDOS:
DNI:
TELFNO
EMAIL

DATOS DOS MEMBROS DA COMPARSA FAMILIAR ou PARELLAS (FOTOGRAFÍA OU VÍDEO)

NOME E APELIDOS	DNI	NOME E APELIDOS (representante legal en caso de menores)	DNI	SINATURA

DOCUMENTACIÓN NECESARIA QUE SE ACHEGA COA INCRICIÓN:

-FOTOCOPIA DO DNI DO/A PARTICIPANTE OU REPRESENTANTE (MENORES DE IDADE OU COMPARSA FAMILIAR).



-CERTIFICACIÓN DE CONTA BANCARIA EXPEDIDA POLA ENTIDADE NA QUE O/A TITULAR SEXA O/A PARTICIPANTE OU REPRESENTANTE.

A lectura e aceptación destas cláusulas é condición indispensable para participar neste concurso

CLÁUSULA INFORMATIVA DATOS PERSOAIS

En cumprimento do **REGULAMENTO (UE) 2016/679 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos** e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e a **Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembre, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais**, lle facilitamos a seguinte información:

- Responsable do tratamento dos datos: CONCELLO DE RÁBADE
- Finalidade do tratamento: Xestión das solicitudes de inscrición.

- Lexitimación: **consentimento** do interesado.
- Destinatarios: os datos non se comunicarán a terceiros salvo en cumprimento das obrigacións legais do responsable.
- Transferencias internacionais: non se prevé a transferencia internacional (fora do EEE), agás ferramentas para a xestión das inscricións que cumpran coas garantías adecuadas.
- Prazo de conservación: Os datos conservaranse como mínimo mentras dure a actividade e despois durante o tempo preciso para cumprir coas obrigacións legais e os consentimentos outorgados.
- Dereitos: poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, opoñerse ao tratamento ou solicitar a súa limitación, enviando a súa solicitude ao enderezo do responsable **Concello de Rábade** (Praza 28 de Maio, s/n. 27370. Rábade- Lugo) ou ben enviando un email a delegado.proteccion.datos.rabade@eidolocal.es.

Poden realizar unha reclamación ante a Autoridade de Control de protección de datos.

Lin e acepto a información sobre o tratamento de datos persoais.

Autorizo e acepto a empregar as fotografías nas redes sociais, medios de comunicación e web do concello de Rábade con motivo do entroido 2021 e facer uso de ditas imaxes de xeito respectuoso e responsabel.

Rábade, a de de 2021.

SINATURA:

Asdo.: _____

